

# Abril



## Os ratiños da caixa


Contacontos teatral de Trinketrinke

Mércores 19 de abril | 17.00 h e 18.30 h (dúas sesións) Biblioteca Rego da Balsa

Fuco ten que coidar hoxe os ratos máis novos de Lonxedetodo. Non é nada doado porque son moi trastes. Para calmalos decide contarles tres contos de ratos, un para cada un.

**Participación: máximo 60 nenos/as de 3-8 anos en cada unha das sesións, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 12 de abril.**

Organiza: Concello de Carballo - Biblioteca



## Sacar a lingua é de mala educación

Presentación do libro de Manuel Núñez Singala

Mércores 19 de abril | 19.30 h Biblioteca Rego da Balsa

Orixinal libro o que nos presentará Manuel Núñez Singala e no que se expoñen de maneira moi clara, visual e práctica motivos, ideas e argumentos para transmitir e aprender o galego, de xeito que, tanto nenos/as como adultos/as, sexamos competentes nas dúas linguas oficiais e así poder empregar esa destreza como trampolín para adquirir outras o antes posible. Porque en cuestión de linguas o importante é sumar.

**Participación: presentación dirixida a nais e pais e o resto de persoas interesadas, con acceso libre e de balde.**

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística e Biblioteca



## Contos no bus do Mago Antón

Sesións de contos máxicos nun autobús

Venres 21 de abril | Pases ás 17.00 h, 17.45 h, 18.30 h e 19.15 h | Exteriores da Biblioteca Rego da Balsa

O Mago Antón trae unha chea de historias máxicas coas que seguro que o pasarán moi ben as nenas e os nenos, ademais, a bordo dun autobús máxico!

**Participación: nenos/as de 3-8. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde unha semana antes.**

Organiza: Concellaría de Cultura



## Semana do libro e a lectura

Contacontos, animación, exposicións...

Do luns 24 ao venres 28 de abril | 18.30 h Pazo da Cultura

Ademais de actividades escolares polas mañás e de exposicións relacionadas co libro e a lectura e de traballos feitos por nenos e nenas de Carballo, haberá todos os días pola tarde sesións de contacontos abertas ao público.

- **Luns 24:** *Contos e lerias*, con Daboapipa (Vero Rilo)
- **Martes 25:** *Camiñando entre estrelas*, con Ghazafellos Teatro
- **Mércores 26:** *Bailar nas nubes*, con Soledad Felloza
- **Xoves 27:** *Un mundo redondo para contar contos*, con Baobab Teatro (Andrea Bayer)
- **Venres 28:** Clausura, con *Maxia para soñar*, do Mago Marco

Organiza: Asociación Socio-Pedagóxica Galega e Concello de Carballo

# Mais



## Percubebé

Espectáculo musical para bebés

Xoves 4 de maio | 18.00 h e 19.30 h (dúas sesións) | Salón de actos do Pazo da Cultura

Obradoiro-espectáculo no que bebés e maiores aprenden, gozan e descubren o mundo das percusións e da arpa con Marcelo Dobode e Bea Martínez a través de música tradicional, na procura de alimentar o ritmo que todas e todos levamos dentro para que medre a nosa capacidade neuronal, e para axudar a desenvolver a psicomotricidade e coordinación.

**Participación: dirixido a bebés de 0-3 anos. Poden participar un máximo de 30 familias por orde de inscrición. Inscrición previa de balde desde o día 27 de abril no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico [nelvidal@carballo.gal](mailto:nelvidal@carballo.gal).**

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística



## Filipa cos contos

Contacontos de Bandullo Azul

Xoves 11 de maio | 18.30 h Biblioteca Rego da Balsa

Filipa e Francisco propoñen, a partes iguais, unha divertida viaxe para nenas e nenos polos contos tradicionais e o repertorio infantil de Carlos Casares amenizados con música e canción en directo.

**Participación: máximo 60 nenos/as de 3-8 anos, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 4 de maio.**

Organiza: Concello de Carballo - Biblioteca. Programa Ler Conta Moito da Xunta de Galicia



## O mundo de Carlíños

Contacontos musical de Luís Vallecillo

Martes 16 de maio | 18.30 h | Biblioteca Rego da Balsa

Antes de ser escritor, Carlos Casares foi neno e xa entón soñaba con máxicos personaxes que facían voar a súa imaxinación: unha galiña azul, as laranxas máis laranxas de todas as laranxas ou un can chamado Rin...

**Participación: máximo 60 nenos/as de 3-8 anos, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 9 de maio.**

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística - Biblioteca

## Día das Letras Galegas

Mércores 17 de maio

Procuramos que a lingua se celebre e use ao longo de todo o ano, pero aínda así no mes de maio, mes das letras, desenvólvense actividades especiais. E tamén o propio día, o 17 de maio, Día das Letras Galegas, este ano dedicado a Carlos Casares, autor, entre outras cousas, de numerosas obras dirixidas a público infantil, haberá actividades pola mañá no Xardín municipal.

Ese día, ademais, en Carballo tamén se celebra o Pequebasquet: [www.diapequebasket.es](http://www.diapequebasket.es)





Coñece máis sobre o programa **Apego** no web [www.apego.gal](http://www.apego.gal) ou na páxina de **Facebook Apego.gal**

**Estás a agardar un bebé? Parabéns!**

Podes achegarte polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Carballo para inscribirte no proxecto **Apego** e recibir os agasallos de benvinda! :-)

**Tes fillas ou fillos de ata 6 anos?**

Pois tamén podes dirixirte ao Servizo de Normalización Lingüística para inscribirte no programa Apego e así recibir información sobre todas as actividades e recursos!

**+info:**

Servizo de Normalización Lingüística  
Concello de Carballo  
Pazo da Cultura 2.º andar  
981 704 304  
nelvidal@carballo.gal  
www.carballo.gal



[www.apego.gal](http://www.apego.gal)

Coordina:



# Maio



## Alegría

**Concerto infantil de Sérgio Tannus e banda**

**Xoves 18 de maio** | 18.30 h  
Auditorio do Pazo da Cultura

A eiruga Alegra percorre un curioso camiño no que coñece personaxes moi especiais, ata chegar a acadar a felicidade aceptándose a si mesma. Neste enérxico espectáculo a rapazada cantará e bailará mentres coñecen a historia de Alegra, que contribuirá á súa educación en valores.

**Participación: público familiar (recomendado +3 anos). Recollida de convites, de balde, desde o 11 de maio na Biblioteca Rego da Balsa.**

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística



## Método educativo Montessori

**Obradoiro de Giovanna Pose, guía Montessori en Aura Carballo**

**Luns 22 de maio** | 18.30 h  
Biblioteca Rego da Balsa

Obradoiro teórico-práctico dirixido a nais e pais en que se explicará o método educativo Montessori, os períodos sensibles e a mente absorbente, o adulto como guía e a preparación do ambiente na casa para a crianza. Aprenderemos a acompañar os nosos fillos e fillas no proceso de aprendizaxe dende o respecto e procurando que eles mesmos sexan os protagonistas.

**Participación: dirixido a familias con nenos/as de 0-3 anos. Poden participar un máximo de 20 pais e nais, presentes ou futuros, por orde de inscrición. Inscrición previa de balde desde o día 15 de maio no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico [nelvidal@carballo.gal](mailto:nelvidal@carballo.gal).**

Organiza: Aura Carballo e Servizo de Normalización Lingüística

# Xuño



## A bonitísima historia da princesa Mari Carme

**Aula de Teatro Municipal de Carballo**

**Sábado 3 e domingo 4 de xuño** | 18.00 h |  
Auditorio do Pazo da Cultura de Carballo

Por vez primeira a Aula de Teatro Municipal de Carballo, dirixida por Artur Trillo, fará unha representación para nenas e nenos.

**Participación: dirixida a nenos e nenas de 6 anos en diante. Con previa recollida de convites.**

Organiza: Aula de Teatro Municipal – Concellaría de Cultura



## Orella Pendella

**Obradoiro-espectáculo de cancións e recitados infantís con Migallas**

**Mércores 7 de xuño** | 18.00 h e 19.30 h  
(dúas sesións) | Salón de actos do Pazo da Cultura

Obradoiro no que Bea Campos e Davide González, de Migallas Teatro, ensinarán de maneira práctica e divertida ditos, recitados e cancións infantís para xogar en familia, a partir do traballo recollido en [www.orellapendella.org](http://www.orellapendella.org).

**Participación: dirixido a nais e pais con bebés de 0-4 anos. Poden participar un máximo de 25 familias por orde de inscrición. Inscrición previa de balde desde o día 31 de maio no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico [nelvidal@carballo.gal](mailto:nelvidal@carballo.gal).**

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística

Actividades infantís con

# apego



Primavera de 2017  
**Carballo**